



O ALUMNADO DO CEIP LÓPEZ FERREIRO SÚMASE Á DEFENSA DO NOSO PATRIMONIO.

Enviado por Anónimo o Mar, 10/25/2022 - 22:34

[Curso 22_23](#) ^[1]

Se hai unha emisora que defende o patrimonio e a súa vinculación co noso país veciño, sen dúbida que esa é **Ponte...nas ondas**.

O venres 21 de outubro, que ademais é o Día do Podcast, o alumnado de 6º acudiu ata a Salón Nobre do Colexio de Fonseca, para gravar un programa especial co que se pretende axudar a inscrición de Ponte...nas Ondas! no rexistro de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) da UNESCO.

Durante a semana anterior, as nenas e os nenos traballaron nas aulas de xeito colaborativo para buscar información sobre as tradicións e diferentes persoeiros da vida cultural e política galegas: o alcalde de Santiago, o gaitero Bartolo, o músico Pancho Álvarez, o reitor da USC, o Conselleiro de Educcaión, Luz Fandiño, Antonio Couceiro..., e o alumno de 6º do López Ferreiro, Lois Bazal.

Finalmente, o seu traballo, mermado por cuestións organizativas dunha emisión en directo, viuse reflectido nas entrevistas que se realizaron, por medio dunhas locutoras e locutores que o propio alumnado seleccionou.

No seguinte enlace, pódese seguir toda a emisión: <http://pontenasondas.org/?lang=es> ^[2]



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Links: